

BIBLIOGRAFÍA

Apórtase aquí o acostumado relatorio da bibliografía que contén referencias significativas sobre o Castro de Viladonga e/ou o seu Museo, deixando fóra as simples mencións illadas e as citas contidas, cada vez con máis frecuencia, nas numerosas guías e repertorios "turísticos" de toda clase. Con todo, e a xeito de exemplo que paga a pena citar polo ben que reflicte o carácter e mesmo a intención deste conxunto de Viladonga, cómpre mencionar a guía de Ed. Susaeta, *Galicia interior. Lugo y Orense. Guía del Viajero*, (Madrid 1995, p.48) así coma os *Itinerarios por Galicia* Ed. Anaya, Madrid 1993, p.113-114, con texto de Miguel Anxo Murado), ou das boas guías de X. L. Laredo Verdejo editadas por Edicións Xerais de Galicia (en especial para o noso caso, anque repetindo textos anteriores, *Galicia Enteira 9. Ferrol, a Mariña luguesa e a Terra Chá*, Vigo 1998, p.71).

- S.PRIETO MOLINA: "Los torques castreños del N.O. de la Península Ibérica", *Complutum* (Univ.Complutense Madrid), 7, 1996, p.199-223.

Este artigo resume un extenso traballo académico sobre este tipo de xoias castrexas e resulta ser unha boa sistematización sobre a materia, completado con dous útiles apéndices: un por xacementos e outro cun amplio repertorio bibliográfico. Os dous torques completos de Viladonga clasifícanse no tipo V A 2 (o chamado grupo "ártabro") e o remate incompleto no tipo IV A (o que pode ofrecer dúbidas dado o seu estado fragmentario).

- P.RAMIL REGO / L.GÓMEZ ORELLANA / C.MUÑOZ SOBRINO /

M.RODRÍGUEZ GUITIÁN: "Valoración de las secuencias polínicas del Norte de la Península Ibérica para el último ciclo glaciar-interglaciar", *Férvedes* (Museo de Vilalba), 3, 1996, p.33-116.

Recolle análises do Castro de Viladonga (feitas na campaña de 1990, vid. Bibliografía - III en *Croa*, 5, 1995, p.8) dentro do grupo de xacementos protohistóricos, documentando a presencia de determinados arbustos, árbores e herbas (carpazas e carqueixas, fentos, nabos e nabizas ou, como planta aproveitável para o consumo, mostaza).

- F.ARIAS VILAS: "Comunicación, difusión e didáctica. O caso do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *Administracións Autonómicas e Museos. Cara a un modelo racional de xestión*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela 1998, p.225-253.

Comunicación presentada ás Xornadas celebradas en decembro de 1996 e agora publicadas. Comprende dúas partes: unha que presenta as diversas cuestións que hoxe se seguen suscitando sobre o tema da difusión e comunicación (didáctica) desde os Museos, e outra que analiza como se veñen desenvolvendo estas funcións no Museo do Castro de Viladonga desde a súa apertura en 1986, considerando as súas particularidades como centro monográfico de sitio arqueolóxico.

- J.M.ANDERSON: *Guía arqueológica de España*, (Alianza Editorial), Madrid 1997, p.509.

Guía "de consulta" sobre a arqueología española, editada orixinariamente en 1991 e con datos áinda anteriores. Resulta de certa utilidade como repertorio de referencias, pero adoece de errores, máis de apreciación que de vulto. Así, Viladonga aparece, como non, coma un "excelente castro celta",

pero parece comprenderse ben o carácter e significado do poboado (e do Museo) no seu conxunto. Como curiosidade, cómpre anotar que recolle que "hay más de 1.400 yacimientos en la provincia de Lugo".

- F.ARIAS VILAS: "Materiales del Mediterráneo oriental en el Castro de Viladonga (Lugo)", *Actas del Congreso internacional sobre 'La Hispania de Teodosio'* (Coca 1996), (Univ.SEK), Segovia 1998, p.339-351.

Comunicación elaborada en 1996 para o Congreso referido, na que se pormenorizan os elementos materiais que teñen unha procedencia de áreas mediterráneas orientais (Grecia, Anatolia, Siria...), e que chegarían a Viladonga, directa ou indirectamente, a través de rutas comerciais marítimas e terrestres, neste caso cun probable papel determinante do cercano Lucus Augusti como centro redistribuidor de todo tipo de mercadorías.

- F.ARIAS VILAS: "Recursos humanos no Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *V Coloquio galego de Museos. Do marco normativo á organización* (Melide 1997), Santiago de Compostela 1998, p.277-290.

O Consello Galego de Museos segue na animosa pero difícil teima de celebrar, e publicar, Coloquios de Museos que sirvan para presentar, actualizar, debater e, de por parte, tentar solucionar os moitos problemas que ainda teñen estes centros. Nesta comunicación analízase a evolución do persoal que traballou no Museo de Viladonga desde 1986, partindo das dificultades e carencias más afogantes ata chegar ás melloras producidas a raíz da nova dotación de persoal (numeroso e diversificado), o que pode presentar novos problemas de carácter organizativo, profesional, actitudinal, etc.